

*Este vaise y aquel vaise
E todos, todos se van,
Galicia, sin homes quedas
Que te poidan traballar.
Tes en cambio orfos e orfas
E campos de soledad,
E nais que non teñen fillos
E fillos que non têm pais.
E tês corazons que sufren
Longas ausencias mortás,
Viudas de vivos e mortos
Que ninguén consolará.*

Rosalía de Castro

*Castellanos de Castilla,
Tratade ben ós gallegos;
Cando van, van como rosas,
Cando vên, vên como negros.*

*—Cando foi, iba sorrindo;
Cando veu, viña morrendo;
A luciña d'os meus ollos,
O amantiño do meu peito.*

*Aquel máis que neve branco,
Aquel de doçuras cheyo,
Aquel por quen eu vivía
E sin quen vivir non quero.*

*Foi à Castilla por pan,
E saramagos lle deron,
Déronlle fel, por bebida,
Peniñas por alimento.*

*Déronlle en fin, canto amargo
Tén a vida no seu seo...
¡Castellanos, Castellanos!
Tendes corazón de ferro.*

Rosalía de Castro

No xardín unha noite sentada
ó refrexo do branco luar,
unha nena choraba sin trégoas
os desdénos dun ingrato galán.
I a coitada entre queixas decía:
“Xa no mundo non teño a ninguén,
vou morrer e non ven os meus ollos
os ollíños do meu doce ben”.
Os seus ecos de malenconía
camiñaban na alas do vento,
i o lamento repetía:
“Vou morrer e non ven ó meu ben!”
Lonxe dela, de pé sobre a popa
dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América
vai o probe, infelís amador.

I ó mirar as xentís anduriñas
cara a terra que deixa cruzar:
“Quen pudiera dar volta _pensaba_,
quen pudiera convosco voar!...”
Mais as aves i o buque fuxían
sin ouír seus amargos lamentos;
sólo os ventos repetían:
“¡Quen pudiera convosco voar!”
Noites craras, de aromas e lúa,
desde entón ¡que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena,
prós que viron un barco marchar!...
Dun amor celestial, verdadeiro,
quedou sólo, de bágoas a proba,
unha cova nun outeiro
i on cadavre no fondo do mar.

Manuel Curros Enríquez

*A xeito de S.O.S.
falo na madrugada:
Pechái tódalas portas
e que xa ninguén saia.*

*Sin a seiva nutricia
esmorecen as gallas.
Arbre antigo, Galicia,
fendérono as machadas.*

*Unha ponla no mundo,
outra ponla na casa.
A ponla de alén mar
é soio unha metáfora.*

*O povo quere terra
coma Anteo na fábula.
A terra quere povo
para ser fecundada.*

*Nunca virá de fora
remedio ou esperanza.*

*Si o noso pobo morre
quedámonos sin patria,
pois patria e pobo son
o mesmo en dúas palabras.*

*Pechái tódalas portas
e que xa ninguén saia.*

Celso Emilio Ferreiro: *Viaxe ao país dos Ananos* (1968)

“As xeiras do Castiro”

Espriguízase o rexo castiñeiro,

Vello petrucio, pai de cen anadas.

Ao quentor das lumiosas labaradas

Volve a agromar, nun pulo brincadeiro.

As candeias, de afrodisíaco cheiro.

Pola verde follax agarimadas,

Son, ao xeito de doas penduradas,

Aouro a tremer co vento rebuldeiro.

Da sombra, na romax, ás muiñeiras.

Alcovita ao malvís nos seus xuntoiros.

E quence, dos magostos, coas fogueiras.

Abre as arpadas bolsas. Xoga aos dados,

Mais, co frío, perde todo e fica encoiros

Con carraxe de ourizos regañados.

Florencio Delgado Gurriarán

*Na fonte de ferro,
no coiro dos bois,
no espello do vento,
da navalla e da froi.
No recén da herba,
no lobo e no can,
nos ollos da meiga,
na pedra do lar.
No refaixo dela,
na ponte do alén,
no andar das ovellas,
no ar do mencer.
No cabalo quente,
no viño millor,
no que non se perde
no meu corazón.
Na noite senlleira,
no liño tecido,
na madeira tenra
dos vellos castiros.*

*Na vida, na morte, no amor e no ren,
loubareite, Lugo de aceiro e de mel.*

Lorenzo Varela: Lonxe (1954)

“Compañeiros da miña xeración mortos ou asasinados”

*Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!*

*Faciamos un feixe de campos e de estrelas,
e ó pisar ese chan que latexaba
sentiamos subir polo sangue o misterio.*

*O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de tódolos segredos,
a canción da herba que resucitou.*

*E o mesmo verme era unha folla leda.
un mensaxeiro do sagrado alén.*

*Morrestes, matáronvos, deixáronme.
Quedei aquí, lonxe das vosas sombras.*

*E agardo, coma un morto.
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos poda levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.*

*¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!*

Lorenzo Varela: Lonxe (1954)

Esta noticia é do 26 de setembro de 1972:

«O home que vive nun cano».

O home vive nun cano.

Ten 64 anos e vive nun cano.

Xosé Manoel Basalo Gómez

o home que vive nun cano

que ten de medida dous metros e medio de longo

por un metro quince de diámetro.

Un cano de cemento.

Basalo Gómez escolleu ese cano

na praza Libertade

no centro da cidade.

Alí vive. Trouxeron a noticia os xornaes,

e a fotografía. Ten unha faciana grega,

mais é de Ourense,

de Seoane da Cima, dí él.

Vive nun cano

igoal que Dióxenes vivía nun tonel.

Foi tipógrafo. Ten 64 anos.

É un home moi limpo, ergueito,

grande calveza na testa, coidadas barbas canas.

Semella rexo mais nono é.

Padece ataques de amnesia. de reuma, etc.;

veu a Buenos Aires a acompañar

unha irmá abandonada.

En 1928 .

Quedouse aquí. Fíxose tipógrafo.

De vello, xa enfermo, foi sereno.

Ten en trámite unha xubilación.

Tamén espera que o repatrien:

-É o menos que poden facer por un emigrante.-

Non quere depender de ninguén

ten sobriños. béns en Ourense,

ten de ir a facer as partixas,

mais mentras tanto vive soio,

nun cano.

Durme enriba de cartós e panos

no interior do cano.

Cubríu de madeira e sarapilleiras

as entradas do cano.

De día cando fai sol

séntase nun tallo xunto o cano

ate que os obreiros de Obras Púbricas

lle asaquen o cano.

Ergueito, as mans sobor os xionllos,

mantén a ollada lonxe, os ollos fixos.

Ten de ser así.

Non quere vivir con ninguén,

somentes soio, teimado, no cano.

Luis Seoane: A maior abundamento (1972)

“As ratas”

*Na Galiza, ise vello pobo,
carballo carcomido de raios e bestigos,
loita, dende fai séculos,
o home cas ratas.
Coma nos castelos abandonados,
onde xa caíron traves e brasós,
escóitanse queixumes de gonzos ferruxentos.
Dende fai séculos loitan en Galiza
os homes cas ratas.
Vencendo sempre as ratas.
Ate que toda ela fique,
coma ises castelos roiñentos
e os mosteiros sin altares
nin lembranzas de ritos,
sendo soio rondada de morcegos
e pantasma.
Coberta de edra, de label.
Morándoa soio as ratas.
Samente as ratas.*

Luis Seoane: *As cicatrices*

*De alá saímos os senlleiros, os inadatados,
os condanados inxustamente, os que procuran o pan,
os xogadores, os perseguidos, os arrichados,
tamén o xusto, o argalleiro, o luxurioso, o san,
e as ponlas frorescentes dos linaxes abafados.*

*O vento empurrou as barcas dos emigrantes na mar
cara estas grises lonxanas cibdades de engano
feitas de presa, de aceiro, de cemento, ser ar,
por almas lixadas de números, de ouro estrano,
enxoitas polo despoxo i o constante trafegar.*

[...]

*Eiqú viñemos todos ó acaso vivendo esgazados
das costumes coñecidas, do acento común, da canción
labrada polos avoengos i o tempo. Vivendo mudados
nunha xeografía diferente, polos negocios, a corrupción,
que da terra de orixen farannos cicais pra sempre desleigados.*

Luis Seoane: *Emigrantes nunha data calquera*

Ten Galiza un idioma propio?

Estamos fartos de saber que o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo d-unha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas.

O galego foi instrumento maravilloso da grande e única poesía lírica de Hispania e n-el escribían os enxeños peninsulares -tanto de dentro como de fora de Galiza-, cando a língoa de Castela non tiña categoría literaria. O galego é un idioma estenso e útil, porque -con pequenas variantes-fálase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas. O galego rexurdeu no século pasado con poetas tan esgrevios como Rosalía, Curros e Pondal. O noso idioma ten tal fremosura que un poeta andaluz como García Lorca -o poeta mártir- non foi quén de resistir o seu engado e compuxo poemas en galego. O galego -somentes refugado pol-os señoritos ou por traballadores que quixeran ser señoritos- é hoxe o idioma que prefiren os inteleituas como vehículo da nosa cultura; pero aínda que carecerá de tantos méritos contraídos, abondaríalle ser a fala do povo traballador para estar dignificado de por sí, pois o galego é unha executoria viva do traballo e unha cédula honrosa de cidadanía e democracia. Non esquezamos que si aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma.

CASTELAO: Sempre en Galiza (1944)

A prisión provincial de Ávila estaba nun edificio moi vello, como dixer, que debeu ser aproveitado por Santa Teresa para unha das súas fundacións e non sei se feito polos canteiros dela. Tódalas paredes, mesmo as interiores, eran de pedra.

No tempo da República, sendo Directora Xeral de prisións Victoria Kent, dicíuse prescindir deste edificio por inhóspito e por considerar que non tiña capacidade dabondo para que puidesen estar nel, coa mínima dignidade humana, mais de vinte e sete reclusos, contando que viviran dous en cada cela de dous e medio por tres metros e tres xuntos nunha máis grande para os que facían servizos internos tamén como reclusos.

No sitio deses vinte e sete había, o día que eu cheguei, nas doce celas, 1.200 (vouno escribir en letra para que non se coide que é un engano) mil douscentos reclusos no sitio de vinte e sete.

O dormitorio de maior parte eran os anchos corredores que estaban onde daban as portas das celas. No toque de se deitar cada un tiña destinado seu sitio coma unha especie de apartamento privado coa cabeza xunta da parede e os pés que chegaban ás canelas do que estaba contra da parede de enfrente.

Ramón Valenzuela: Era tempo de apandar